



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

Anuncio

EDICTO

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIODICO.

De conformidade co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación dos ingresos públicos e concellos que se citan:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
MURAS	ANUAL-2024	Taxa auga municipal e Canon Auga Xunta de Galicia
ANTAS DE ULLA	ANUAL-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
CARBALLEDO	ANUAL-2025	Taxa de recollida de lixo
MONTERROSO	ANUAL-2025	Taxa de recollida de lixo en parroquias
MURAS	ANUAL-2024	Taxa de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos
PALAS DE REI	ANUAL-2025	Taxa pola de recollida de residuos sólidos urbanos
FOLGOSO DO COUREL	ANUAL-2024	Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros
MONTERROSO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas
O SAVIÑO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas
O VICEDO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas

Os Padróns poderán ser consultados polos interesados na Deputación Provincial de Lugo/ Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria (Ronda Muralla, núm. 140- Pavillón 1- CP 27004- Lugo) e no Concello correspondente, durante o prazo de QUINCE DIAS contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

As liquidacións obxecto de notificación colectiva teñen carácter provisional segundo o disposto no art. 101.4 da Lei Xeral Tributaria e, en contra destas, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello, no prazo DUN MES, a contar dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición. Poderase exercer, non obstante, calquera outro recurso que se considere procedente. Todo iso, en virtude co establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

Lugo, 14 de maio de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.^a del Carmen López Moreno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Recadacion en período voluntario de débedas tributarias de vencemento periódico.

De conformidade co establecido nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, comunícase que o prazo de ingreso en período voluntario de Taxas e

Prezos Públicos, relacionados abaixo, empezará a contar o día 30 de maio ata 30 de xullo de 2025, ambos os dous incluídos.

Relación de tributos e concellos:

CONCELLO	PERIODO	TAXAS
A PONTENOVA	1º-trimestre-2025	Taxa auga, lixo, sumidoiros e Canon Auga Xunta de Galicia
MURAS	ANUAL-2024	Taxa auga municipal e Canon Auga Xunta de Galicia
ANTAS DE ULLA	ANUAL-2024	Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos
CARBALLEDO	ANUAL-2025	Taxa de recollida de lixo
MONTERROSO	ANUAL-2025	Taxa de recollida de lixo en parroquias
MURAS	ANUAL-2024	Taxa de recollida de lixo e residuos sólidos urbanos
PALAS DE REI	ANUAL-2025	Taxa pola de recollida de residuos sólidos urbanos
FOLGOSO DO COUREL	ANUAL-2024	Taxa de recollida de lixo e rede de sumidoiros
MONTERROSO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas
O SAVIÑO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas
O VICEDO	ANUAL-2025	Taxa pola entrada de vehículos a traveso das beirarrúas

O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, “La Caixa” - Caixabank SA, Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S. A. (BBVA) e Banco Sabadell S.A., e Caixa Rural Galega S.C.C.L.G en días laborables, de luns a venres, de 08:30 a 14:00 h, na que se presentará o documento de ingreso que se envía, por correo, aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria e realizarán, igualmente, o pagamento. O ingreso poderá realizarse por calquera canle habilitada en horario ampliado (caixeiros automáticos, internet, banca electrónica).

Tamén pode realizarse o pago na Sede Electrónica da Deputación, Portal do Contribuínte, por delegación do seu Concello, que é o que envía o Padrón para o cobro. Ou mediante xiro postal dende calquera oficina de Correos (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos).

O pagamento dos citados tributos poderase domiciliar, para anos sucesivos, en caixas de aforros, bancos e demais entidades financeiras. Para este trámite será necesario cubrir o impreso de domiciliación que acompaña ao documento cobratorio e remitilo ao Servizo de Xestión Tributaria e Recadación, ou ben entregalo en calquera das entidades citadas, cando a domiciliación se refira a unha conta aberta nas mesmas.

Infórmase tamén que, transcurrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles as recargas do período executivo e os xuros de mora correspondentes, tal como estipulan os artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, do dezasete de decembro, xeral tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon da Auga e do Coeficiente de Vertedura, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga e do Coeficiente de Vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación

Lugo, 14 de maio de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M.^a del Carmen López Moreno.

R. 1334

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

CONCESIÓN DEFINITIVA DOS PREMIOS DA CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “O PATRIMONIO ETNOGRÁFICO MATERIAL DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES” ANO 2025

Para os efectos oportunos, en relación á Convocatoria do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” Ano 2025, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 23 de maio de 2025, acordou:

Primeiro. Estimar a alegación presentada por D^a. Paula Arias Abella (con DNI ***4696**) o día 28.04.2025, admitindo a súa fotografía presentada ao VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025, e incluíndoa na listaxe de fotografías admitidas ao concurso xunto coa súa avaliación, segundo consta na acta da Comisión de Avaliación do día 19.05.2025.

Segundo. Aprobar a concesión definitiva dos tres premios do VIII Concurso de Fotografía “O patrimonio etnográfico material das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses” no ano 2025:

- 1º Premio, dotado con 800,00 €, á fotografía “Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares” de Javier Cabana Soengas con NIF ***8029**.
- 2º Premio, dotado con 500,00 €, á fotografía “Crepúsculo no río Neira” de Ana María Taboada García con NIF ***7175**.
- 3ª Premio, dotado con 300,00 €, á fotografía “Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares” de Iago Manoel Souto Lorenzo con NIF ***2953**.

Segundo a listaxe que se anexa que especifica os criterios de valoración empregados na avaliación, así como a desestimación do resto de solicitudes, de acordo cos criterios reflectidos na base 8ª da convocatoria, segundo a especificación que consta na acta da Comisión de Avaliación.

Terceiro. Notificar o presente acordo de concesión definitiva aos interesados de acordo co previsto na base novena da convocatoria, mediante a publicación do citado acordo de concesión definitiva no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.gal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

FOTO	TITULO FOTOGRAFÍA	NOME E APELIDOS	DNI	COMPOSICIÓN (3)	ORIXINALIDADE (4)	CALIDADE ESTÉTICA (3)	TOTAL	CAUSAS EXCLUSION SEGUNDO AS BASES
1	A sombra que acubilla ben	Serafín Rodríguez Trashorras	***2062**	3	2	3	8	
2	Palloza e hórreo de casa de Baixo de Degrada	Noelia Rodríguez Pardo	***7939**	1	2	2	5	
3	Non entendo	José Antonio Muñiz Besteiro	***0377**				EXCLUIDA	Incumplimento base 2ª.B “Requisitos das fotografías presentadas”: a temática non se corresponde coa da convocatoria
4	A ponte	Óscar Abelleira Ferreirós	***3914**	2,5	1	3	6,5	
5	Sete muíños	José María Mariño Rodríguez	***5057**	1,5	2	1	4,5	
6	Sorriso	Luis Engroba Canto	***5730**				EXCLUIDA	Incumplimento base 2ª.B “Requisitos das fotografías presentadas”: a temática non se corresponde coa da convocatoria
7	Arb(h)ó(r)reo: Raíces dos Ancares	Javier Cabana Soengas	***8029**	3	4	3	10	
8	Carril: Repouso e Horizonte	Lola López Pérez	***0308**	2	3,5	3	8,5	
9	Os Ancares: "Onde a natureza abraza a tradición"	José Luis Rodríguez Fernández	***6139**	1	1,5	2	4,5	

10	Cumes de natureza e historia	Lucía Gómez Álvarez	***6720**	1	2,5	2	EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a localización non se corresponde co territorio das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
11	Fusión	Chabeliz Reneé Quintero Valls	***5724**	2	1	2	5	
12	Muíño da Fervenza	Mª Cristina Vázquez Pita	***4925**	3	1,5	3	7,5	
13	Pota e forno de leña, tradición e patrimonio dos nosos fogares	Iago Manoel Souto Lorenzo	***2953**	3	4	2	9	
14	Os hórreos, gardiáns da nosa colleita e tradición	Ana Gómez Ferreira	***2990**	1	1	3	5	
15	Piornedo	Mónica Vila Ferreirós	***6569**	2,5	2	2	6,5	
16	Muíño da Fervenza	Gaspar González Somoza	***6064**	3	2	1	6	
17	Muíño de Férvedes	Felipe Rouco Llompart	***5660**	1	2	1	4	
18	A pegada pescadora dos nosos devanceiros no río Miño, que perdura ao longo do paso do tempo	Alberto Salgado Sanfiz	***6054**	1,5	2	1	4,5	
19	O Muíño da Fervenza: Memorias de Auga e Pedra	Sergio Salgado Sanfiz	***6054**	2	1	1,5	4,5	
20	Reflexos na quietude do Miño: o caneiro, a pedra e a auga en harmonía	Clara Fernández Sande	***3828**	1,5	2	2	5,5	
21	Eco de pedra e auga: memoria ancestral no leito do Miño	Alberto Julio Salgado Díaz	***2219**	1	1	1	3	
22	Pedras con memoria: ecos do tempo nun muíño á beira do Miño	María Josefa Sanfiz Romay	***4968**	2	2	1	5	
23	Piornedo	Rodrigo Díaz López	***2343**	2	1	3	6	

24	O carballo fonte de vida e da enraización	Julia Barreira Zorrilla	***0235**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
25	Crepúsculo no río Neira	Ana María Taboada García	***7175**	3	3,5	3	9,5	
26	Rostro de pedra, alma de fonte	Miguel Anxo Martínez Neira	***2563**	1	1,5	1	3,5	
27	A cedeira: gardiá da biosfera	Rafael Caña Amador	***5999**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria e a localización non se corresponde co territorio das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses
28	Recunchos	Carmen Blanco Purriños	***7514**	2	2	1	5	
29	A alma da auga: memoria dun lavadoiro en ruínas	Paula Arias Abella	***4696**	1	1	1	3	
30	Vedado de pesca	Isaac Alejandro Fernández Hevia	***3539**				EXCLUIDA	Incumprimento base 2ª.B "Requisitos das fotografías presentadas": a temática non se corresponde coa da convocatoria
31	Memoria dun pobo: pedra, madeira e palla	José Luis Bermudez Salinas	***5114**	2	2	3	7	
32	As cores da natureza	Maitane Fernández Núñez	***5623**	2	1	3	6	
33	Feitizo	Iván Díaz Quiroga	***5098**	2	2	1	5	

De acordo co punto 9 ACORDO DE CONCESIÓN E NOTIFICACIÓN das bases da convocatoria, respecto ao acordo de concesión definitiva:

"Ao abeiro do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o acordo da concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP.

Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

De acordo ao previsto no artigo 22 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación de Lugo, no caso de que os beneficiarios non comuniquen á Excm. Deputación Provincial a renuncia á referida concesión, no prazo máximo de cinco días hábiles a partir da publicación do anuncio ou do acordo de concesión definitiva no BOP, entenderase que aceptan o premio.

O acordo de resolución definitiva de concesión ou denegación das subvencións aos beneficiarios pon fin á vía administrativa polo que contra o mesmo cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo no BOP de Lugo, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do referido acordo citado acordo no BOP, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime procedente.”

O que se notifica aos efectos oportunos, de acordo coas previsións das bases e o disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Lugo, 27 de maio de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1415

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO

Anuncio

DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR DE LA EMPRESA FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L..

De acuerdo con lo dispuesto en el artículo 20 del Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento general de la Ley de contratos de las administraciones públicas, se hace pública la Resolución de la Diputación Provincial de Lugo, del día 31 de marzo de 2025, que resuelve lo siguiente:

Declarar la prohibición de contratar de la empresa FRUEHAUF RECAMBIOS, S.L., con CIF: B09371071, por el plazo de 1 año, en el ámbito de la administración contratante, al amparo de lo establecido en el artículo 71.2.d) de la Ley 9/2017, del 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

Lugo, 27 de mayo de 2025.- EL PRESIDENTE, P.D. Decreto de fecha 04-07-2023, EL DIPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. EL SECRETARIO GENERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1416

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondiente ao exercicio 2024, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convintes.

Alfoz, 26 de maio de 2025.- A Alcaldesa, Efigenia Maseda Paz.

R. 1402

BÓVEDA

Anuncio

Ó non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ó público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional relativo á aprobación da nova **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS DO CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)**, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Bóveda, 26 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. José Manuel Arias López.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO VIVEIRO INDUSTRIAL DE EMPRESAS DO CONCELLO DE BÓVEDA (LUGO)**Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades conferidas polo artigo 106.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os artigos 127 e 41 ó 47 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polo uso dos servizos do Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda, que se rexerá polo establecido nesta ordenanza.

Artigo 2.- Concepto.

É obxecto deste taxa a utilización e aproveitamento das naves e/ou oficinas do Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda, polas persoas ou entidades usuarias, polo prazo de tempo establecido na autorización correspondente e de acordo co establecido na normativa reguladora do viveiro.

Nesta taxa inclúese o estudo e análise de proxectos, así como o asesoramento empresarial.

Correrán por conta do/a viveirista os gastos derivados de usos, consumos e subministracións propias distintos de calefacción, auga, luz, internet e limpeza de espazos comúns, que son asumidos polo Concello de Bóveda.

Artigo 3.- Obrigados ao pago.

Están obrigados ao pago da taxa establecida nesta ordenanza as persoas beneficiarias dos servizos e instalacións do Viveiro Industrial de Empresas do Concello de Bóveda.

Pola utilización e aproveitamento das naves e/ou oficinas afectadas para o acollemento das empresas, están obrigadas ó pago as persoas físicas, xurídicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as sociedades civís, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado con capacidade de obrar, con proxectos de creación de negocio e/ou empresas en funcionamento, que resulte adxudicataria dun espazo no viveiro de empresas conforme ás normas e ó procedemento establecidos na súa normativa reguladora.

Artigo 4.- Tarifas.

As tarifas estrutúranse do seguinte xeito:

ESPAZO	PREZO MENSUAL
Módulos de oficina	60,00 €
Zona de almacenaxe	1,5 €/m ²

En todo caso, ao importe das tarifas establecidas aplicaráselles o Imposto sobre o Valor engadido correspondente de acordo coa lexislación vixente.

No caso de que o inicio da ocupación non coincida co inicio do mes, prorratearase o importe da mensuralidade segundo os días efectivos da ocupación, considerando os meses de 30 días naturais.

Os servizos de electricidade e telefonía fixa e móbil (excepto consumo de luz) serán aboados polos viveiristas, segundo o consumo establecido nos contadores habilitados a tal fin.

Artigo 5.- Normas de xestión.

1.- As persoas ou entidades interesadas na ocupación dos locais regulados nesta ordenanza, deberán solicitalo previamente, de acordo co establecido na ordenanza reguladora do Viveiro Industrial de empresas do Concello de Bóveda, no rexistro xeral da entidade municipal.

Una vez concedida a ocupación, practicarase a oportuna liquidación e notificarase á persoa interesada segundo o previsto nos artigos 102.1 e 102.2 da Lei Xeral Tributaria.

Esta liquidación inicial acumularase ao mes seguinte da ocupación, de tal xeito que a persoa interesada ingresará o primeiro mes ou a parte proporcional que lle corresponderá, máis o segundo mes de ocupación

Deberán prestar garantía en metálico por importe equivalente a dúas mensuralidades do prezo establecido polo uso dos respectivos espazos. A devolución da garantía realizarse no prazo máximo de 6 meses, dende que finalice a utilización do espazo.

2.- A obriga do pago da taxa regulada nesta ordenanza nace:

- Tratándose de concesión de novas ocupacións dos espazos, nos 5 primeiros días do mes para o cal se solicita a ocupación. No caso de non coincidir co inicio do mes natural, dende o día da sinatura do contrato.

- Tratándose de ocupacións xa existentes, nos 5 primeiros días do mes.

- *Tratándose de ocupacións xa autorizadas e prorrogadas unha vez notificada a liquidación da alta, serán incorporados a un Padrón que conterá os datos necesarios para a correcta xestión da taxa.*

3.- *Para conseguir un eficaz funcionamento da xestión esta taxa, e facilitar a ocupación as persoas titulares dos espazos, estas deberán facilitar ao Concello na solicitude inicial os datos bancarios para a domiciliación do pago das respectivas cotas, nas súas respectivas contas bancarias.*

4.- *O ingreso efectuarase mediante cargo bancario nos primeiros 5 días de cada mes por anticipado á ocupación, coa salvedade expresada no caso do inicio da actividade.*

5.- *Altas. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas, liquidaranse por cada ocupación solicitada ou realizada, prorrateándose por días no caso exclusivamente de inicio de actividade por primeira vez, e considerando os meses de 30 días naturais.*

6.- *Baixas. A presentación da comunicación de baixa deberá realizarse por rexistro de entrada no Concello e producirá efectos no mes seguinte a súa presentación.*

Sexa cal sexa a causa da baixa, a non presentación da comunicación determinará a obriga de continuar aboando á taxa.

7.- *Unha vez autorizada a ocupación dos locais, nas condicións especificadas no acordo municipal, entenderanse prorrogadas para os exercicios posteriores, en tanto no se comunique e autorice polo Concello a baixa.*

Artigo 6.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA.

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a aplicarse, permanecendo en vigor para exercizos sucesivos ata a súa modificación ou derogación expresa."

R. 1403

AS NOGAIS

Anuncio

Formada, rendida e informada a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2024 pola Comisión Especial de Contas deste Concello, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia. Durante dito prazo os interesados poderán examinala e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

As Nogais, 26 de maio de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1404

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL DE 2025

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 15 de maio 2025 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de ABRIL de 2025 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de ABRIL de 2025: 2.930,35 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xullo de 2025 e o 01 de Agosto de 2025. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o

administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de ABRIL, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafito do Cebreiro, 20 de maio de 2025.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1405

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de datas 13 e 26 de maio de 2025, os padróns do SAF do mes de abril e do 1º Trimestre de 2025 do servizo de abastecemento de auga, canon, sumidoiros e recollida de lixo, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderán interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei. No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa exixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 26 de maio de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1406

O VALADOURO

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL DE 2025.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2025-0331 o día 21 maio de 2025, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de abril de 2025 polo importe total de 6.217,39€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 21 de maio de 2025.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 1407

VIVEIRO

Anuncio

LICITACIÓN

1. APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

- Órgano: Resolución de Alcaldía por avocación de competencias
- Fecha: 16 de mayo de 2025

2. ENTIDAD ADJUDICADORA

- a. Organismo: Ayuntamiento de Viveiro
- b. Dependencia que tramita el expediente: Servicio de Contratación
- c. Domicilio: Plaza Mayor 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

3. OBJETO DEL CONTRATO

- a. Tipo de contrato: Contrato de concesión del uso privativo de dominio público.
- b. Objeto del contrato: Concesión del uso privativo para la explotación de los puestos 1, 2, 3, 4, 6 y 7/9 de la Plaza municipal de Abastos de Viveiro.
- c. Número de expediente:
 - Servicio de Contratación CT 7/2025
 - Gestiona 2915/2025
- d. Plazo de concesión 1 año, con la posibilidad de una prórroga anual (1+1).

4. PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN

- Procedimiento abierto

5. PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN. CÁNONES MENSUALES MEJORABLES AL ALZA

NÚM. LOTE	PUESTO	SUP	Canon bonificado ¼ de 19,11 € (superficie x 4,78 €/mes)
1	1	6,50 m ²	31,07 €
2	2	11,94 m ²	57,07 €
3	3	7,15 m ²	34,18 €
4	4	12,82 m ²	61,28 €
5	6	14,05 m ²	67,16 €
6	7-9	28,55 m ²	136,47 €

6. GARANTÍAS

- a. Provisional: 2% del valor de dominio público objeto de ocupación.
- b. Definitiva: 3% del valor de dominio público objeto de ocupación.

7. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Entidad: Ayuntamiento de Viveiro / Servicio de Contratación
- b. Dirección: Plaza Mayor núm. 19-20
- c. Código postal y localidad: 27850 Viveiro
- d. Teléfono: 982 56 01 28

e. Correo electrónico: contratacion@viveiro.es

f. El proyecto de pliego de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas, regulador de la adjudicación del contrato, se podrán consultar en el perfil del contratante del Ayuntamiento, ubicado en la Plataforma de Contratación del Sector Público, pudiendo acceder al mismo desde la dirección www.viveiro.es, perfil del contratante, o bien directamente en la siguiente dirección: <https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>.

g. Los interesados podrán solicitar información adicional sobre los pliegos y demás documentación complementaria con una antelación mínima de cinco días a la finalización del plazo de presentación de proposiciones.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

a. **Fecha límite de presentación:** Treinta días hábiles (30), contados a partir del día siguiente al de publicación de este anuncio en este Boletín. En la Plataforma de Contratación del Sector Público constará día y hora de finalización del plazo de presentación de ofertas.

b. **Forma y lugar de presentación:** contratación electrónica, subiendo los archivos de documentos a la Plataforma de Contratación del Sector Público.

c. **Documentación a presentar:** La establecida en la cláusula 17 del pliego de cláusulas administrativas particulares (Forma de presentación de las proposiciones). En la parte final del pliego figuran Anexos con modelos de presentación. El Anexo V corresponde a la solicitud de participación y oferta económica (la oferta se presentará en importe mensual).

d. **Hora límite de presentación:** Hasta las 23:59 horas del último día de presentación de proposiciones.

9. APERTURA Y VALORACIÓN DE LAS OFERTAS

a. Órgano: Mesa de Contratación

b. Domicilio: Salón de Actos / Plaza Mayor núm. 19-20, planta baja.

c. Localidad: Viveiro (Lugo)

d. Fecha y hora: Será comunicada a los licitadores.

e. Forma de celebración del acto: electrónica, accediendo a la Plataforma de Contratación del Sector Público. Los licitadores pueden actuar de forma presencial o por videoconferencia.

f. Criterios de valoración de las ofertas: el señalado en la cláusula 18 del pliego de cláusulas administrativas particulares.

Viveiro, 16 de mayo de 2025.- LA ALCALDESA, María Carmen Gueimunde González.

R. 1354